

MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel e REGUEIRO TENREIRO, Manuel: *Ser cidadán*, Galinova Editorial, A Coruña, 2011, 156p; *Saber convivir*, Galinova Editorial, A Coruña, 2011, 164p.

A mediados de 2011 saía *Ser cidadán* e uns meses despois a súa versión en castelán *Saber convivir*: os autores, ambos os dous profesores no ensino secundario e doutores en Filosofía, presentan un ensaio filosófico de ideas éticas e políticas dirixido a xoves e adolescentes. Nos nosos pagos este tipo de ensaio ten destacados e, no entanto, contados exemplos. A tradición, a pesar dos casos salientábeis, é escasa e o público amplo mais esixente. Con estes textos, concibidos e probados previamente nas aulas, os autores aportan a súa experiencia docente na explicación da filosofía moral coa vista posta na construción dun espazo de pensamento suxestivo, socialmente necesario e, ante todo, aplicábel ás materias do currículo de Filosofía no ensino secundario e no Bacharelato.

*Ser cidadán* e *Saber convivir* inspíranse, en primeiro lugar, nas ideas éticas e políticas sobre as que pivota a Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 e a Constitución española de 1978. En segundo lugar, teñen como referencia conceptual o horizonte das éticas do deber e, tamén, as eudaimonistas. O formalismo moral acada certo grao de conciliación co emotivismo sobre a base do recoñecemento da función dos sentimentos cívicos ou afectos morais no desenvolvemento da consciencia cívica. Tamén o personalismo e/ou comunitarismo percorre algunha das súas liñas.

Os autores explican, con rigor e sinxeleza, dirixíndose en todo momento ao lector xove, cales son os conceptos sobre os que se edifica a cidadanía e a convivencia nas sociedades avanzadas: dignidade, persoa, ben común, liberdade, igualdade, xustiza, lei, autonomía moral, estado, democracia, paz, felicidade, entre outros. Van debullando, con razóns e argumentos, que o ser humano é un ser social que convive cos demais seres humanos (parte I) nun entorno cidadán (parte II) no que é necesario desenvolver uns sentimentos morais básicos (parte III) que posibilitan o exercicio pleno da democracia (parte IV) e abren a unha nova maneira de entender e construír o ser civilizado (parte V). Esta arquitectura desenrólase ao longo de trinta e nove capítulos, de escrita clara e didáctica, cos que se busca despertar a reflexión moral e política, e axudar ao desenvolvemento das competencias sociais e cidadás.

---

Recibido: 27/05/2012. Aceptado: 22/11/2012.

A parte I, “Ser convivinte”, explica cal é o primeiro entorno social no que se move a persoa. Unha rede da que debe cobrar consciencia para construír e realizar o seu proxecto de vida. Está formada por achegados, veciños, persoas con diversidade funcional, o outro xénero, persoas de culturas diferentes. Conclúe esta parte sosténdose que un proxecto de vida en común, viábel e razoábel, se fundamenta no respecto á dignidade humana e promove o talante reflexivo nas persoas.

Na parte II, “Ser cidadán”, defínense a cidadanía e o civismo, e explícanse catro alicerces da cidadanía: liberdade, igualdade, xustiza, equidade. A exposición das definicións e argumentos é ilustrada con exemplos que, de seguro, fan reflexionar aos lectores.

O título da parte III é “Ser afectuoso”. Con intención pedagóxica, os autores diferencian sensacións, emocións e sentimentos. Unicamente os sentimentos morais (ou afectos morais) posibilitan desenvolver a consciencia cívica. Explican catro: amizade, sinceridade, cordialidade, altruísmo. En apoio destes sentimentos acoden catro actitudes que reforzan o “ser cidadán” e o “saber convivir”: comprensión, diálogo, construtividade, valentía.

Na parte IV, “Ser demócrata”, abórdase a explicación da política. Principia coa presentación do ser humano como un ser moral coa capacidade deliberar nun espazo-tempo que el mesmo pode deseñar (e que non sempre existiu ao longo da historia): a política. Neste marco os autores entenden que a mellor forma política é a democracia. Céntranse na exposición do funcionamento da democracia española: finalidade, sistema, acceso, tarefa. Completan a exposición cunha caracterización do cidadán demócrata: exercicio de dereitos e obrigas, participación, responsabilidade.

A parte V, “Ser civilizado”, abre o concepto de cidadanía a varias dimensións: solidariedade socioeconómica (con outros cidadáns), comunidade (con outros seres humanos e non humanos), civilización (busca democrática do equilibrio planetario), urbanidade (sustentabilidade medioambiental), paz (xustiza universal).

O epílogo (“Ser cidadán para ser feliz” en *Ser cidadán*, “Saber convivir para ser feliz” en *Saber convivir*) intenta dar resposta a unha preocupación dos adolescentes: por que elixer ser cidadán e conviver en paz?; que razóns hai para non optar pola violencia e o enfrontamento? Os autores analizan a imaxe social da felicidade e o seu concepto vulgar para, a continuación, suxerir un concepto ético de felicidade que apunta a unha sabedoría cidadá, resumo e crisol de todo o antedito ao longo do ensaio.

Así pois, estes dous libros admiten dúas lecturas: pódense ler ordenadamente desde o capítulo primeiro (“Ser persoa”) até o último (“Ser pacífico”); ou pódense abordar como un plano ou dicionario que percorre cinco

dimensións da cidadanía ou do saber convivir: ser convivinte, ser cidadán, ser afectuoso, ser demócrata, ser civilizado. A finalidade é servir de ferramenta polivalente (válida en distintos niveles educativos) para aprender a argumentar e non dar simples opinións, razoar e non expresar meras sensacións.

Estes dous textos, divulgativos e prácticos, resultan moi proveitosos como material docente para unha primeira achega sobre temas de ética e filosofía política, podendo empregarse para a lectura cooperativa ou singular, para realizar exercicios individuais ou en grupo, entre outras actividades que deben servir como pasos ou medios na aprendizaxe, tendo en vista un novo (e renovado) diálogo que active (e reactive) o sentido moral e cívico persoais e sociais.

Luís G. Soto